



BASES PARA O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE 4 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, COA OCUPACIÓN DE PEÓN FORESTAL NO CONCELLO DE A MEZQUITA, CON CARGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA SEGUNDO A ORDE POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (GALICIA SUMA TALENTO:RURAL ACTIVO) E SE PROCEDE A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2026.

PRIMEIRA. OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.

O Concello de A Mezquita presentou solicitude ante a Consellería de Promoción do Emprego, Comercio e Emigración, para a contratación de 4 traballadores desempregados acolléndose a convocatoria de Subvención sobre as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio Rural e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2026.

A solicitude foi enviada en tempo e forma á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de Ourense, e concedida favorablemente, circunstancia que se constata mediante a recepción da Resolución concedendo a subvención, polo sistema de notificación electrónica da Xunta de Galicia,

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación, de:

- 4 PEONS FORESTAIS

A contratación será de carácter laboral e temporal (na modalidade establecida segundo a reforma laboral), a xornada completa, por un período de contratación de 9 meses.

O salario bruto mensual ascende a un total de 1424,50 €.

Nos contratos establécese un período de proba dun mes a contar dende o inicio do mesmo.

A selección efectuarase mediante a correspondente oferta na Oficina de Emprego de Verín, tal e como se establece na normativa de referencia. Os/as candidatos/as remitidos a consecuencia de devandita oferta se presentarán no Concello no prazo estipulado a tal efecto para ser informados do procedemento, tendo que despois presentar posteriormente a documentación para se poder presentar no mesmo.

O sistema de selección será o de concurso oposición, cunha fase de valoración de méritos e outra de exame, se ben se lle vai realizar unha proba de aptitude sobre coñecementos do idioma galego aos/as participantes que non poidan acreditar o nivel de Celga para poder participar no procedemento.

As principais funcións a desempeñar son as propias do posto de traballo ofertado; fundamentalmente van realizar labores de apoio á plantilla de operarios da Área de Obras e Servizos do Concello destinadas ao servizo de Xardinería- Forestal, labores de mantemento, adecentamento e conservación de instalacións e equipamentos municipais ao aire libre, labores e accións de defensa do medio ambiente e prevención e defensa contra incendios, acción de valorización ambiental, labores de xardinería, labores de limpeza e eliminacións de residuos de natureza vexetal nas pistas e estradas locais, etc ou calquera labor





relacionada, que contribúa a incrementar a formación e experiencia profesional da persoa contratada. Os seus traballos van estar supervisados por Alcaldía.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público nas oficinas da Casa Consistorial do Concello, e máis na páxina WEB oficial do Concello de A Mezquita, na sede electrónica, durante o prazo que perdure o procedemento motivo das mesmas.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello e o taboleiro de anuncios da páxina WEB oficial do Concello de A Mezquita, sito na sede electrónica, serán os principais medios para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA.-REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

a)Requisitos específicos da normativa.

Os requisitos específicos do proceso selectivo están previstos no artigo 14 da normativa de referencia, o cal se cita expresamente:

Artigo 14. Requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras

1. As persoas traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos, e polas que se outorgue a subvención, deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estaren dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que, no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego.

2. As persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo discontinuo, inscritas como demandantes de emprego en calquera oficina de emprego de Galicia tamén poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo discontinuo que teñan suscrito, así como da duración do período de non actividade.

3. As persoas traballadoras que fosen contratadas no programa Aprox Rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IGE).

4. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación





prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO), de conformidade cos seguintes principios xerais:

a) A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no número seis ou se traten de favorecer os colectivos enumerados neste. Deberá utilizar unha linguaxe inclusiva, con especial atención na eliminación dos estereotipos de xénero, tanto na súa redacción como nas imaxes que acompañen a publicación.

b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

c) Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos á titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

d) As entidades locais deberán presentar as ofertas, preferentemente, cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para realizar as correspondentes contratacións, na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ou postos ofertados. Cando unha entidade dispoña de centros de traballo que se correspondan co ámbito territorial de máis dunha oficina de emprego, poderá concentrar a tramitación de todas as ofertas na oficina a que lle correspondan máis postos de traballo ofertados.

5. Recibida a oferta, realizarase unha sondaxe de demandantes en función das súas características, atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia das remitidas.

6. Terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego; programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.

b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.

d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

e) Persoas paradas de longa duración.

f) Persoas con discapacidade.

g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.





h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

i) Persoas trans.

j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

7. Excepcionalmente, logo de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade, e da preceptiva autorización expresa da persoa responsable do respectivo departamento territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal. As persoas seleccionadas polo procedemento descrito neste número deberán, en todo caso, cumprir os requisitos establecidos polos números 1 ou 2, e 3 deste artigo.

8. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

9. As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas pola entidade promotora.

10. Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas; as persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

As entidades locais non poderán exixir o pagamento de cantidades, por ningún concepto, ás persoas candidatas que se vaian seleccionar.

11. As contratacións que se realicen non poderán ter por obxecto cubrir postos de traballo vacantes na relación de postos de traballo da entidade beneficiaria.

b) Requisitos xerais.

- Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o preveña o correspondente tratado, o dos nacionais algún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.





Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria. Para isto, deberá aportarse CERTIFICADO MÉDICO que o acredite.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

Para o procedemento de selección non se precisa titulación académica oficial específica, pero sí acreditar un nivel de coñecementos o idioma galego acorde coa ocupación, ben por medio do certificado acreditativo do mesmo, ou ben por medio da superación dunha proba de coñecementos do idioma galego na que ten que ser declarado apto.

CUARTA – DOCUMENTACION.

- Solicitud de participación no procedemento (Anexo 1)
- Copia compulsada do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade.
- Copia do permiso de conducir clase B.
- Anexo de Relación Numerada de Méritos (anexo 2) e documentación que alega para a ocupación do posto de traballo, orixinal ou compulsada, de cada un deles.
- Acreditación do nivel de Celga do aspirante no caso de poder convalidar a proba de aptitude de galego.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no período de presentación da documentación.

Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ó remate do procedemento de concurso.





Se o Concello da Mezquita dispón dalgún documento que sexa de utilidade para os/as aspirantes participantes no procedemento, ben de oficio ou actuando por petición dos aspirantes, este lles será facilitado para o procedemento.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar no procedemento, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por tres membros, Un/ha presidente/a, un/ha secretario/a, e un vogais.

Os membros do Tribunal terán igual ou maior titulación académica cá esixida ós/ás aspirantes sobre as prazas convocadas.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do Tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

A composición efectiva do Tribunal determinada polo Alcalde, farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

SEXTA – FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN.

As persoas candidatas remitidas pola Oficina do Servizo Público de Emprego de Verín, serán os que conformen a listaxe de admitidos/as de carácter provisional. O Concello publicará esa listaxe de admitidos unha vez lle sexa enviada a relación de aspirantes.

O prazo para a entrega da documentación correspondente ao procedemento (solicitude de participación, anexos, fotocopia do DNI, fotocopia do canet de conducir clase B, documentación xustificativa dos méritos, así como da acreditación de nivel de Celga se o houbera), e de **dous días hábiles** a partires da sesión informativa, mencionada no párrafo anterior, tendo que presentar devandita documentación no Rexistro Municipal, en calquera das formas admitidas segundo a lexislación vixente. Finalizado o prazo para a presentación





de documentación, non se admitirá a entrega de ningún documento relacionado coa valoración de méritos, nin con outra fase do procedemento.

Unha vez transcurrido o período de presentación da documentación de todos os/as candidatos/as, se emitirá a listaxe definitiva de aspirantes, comunicándose no mesmo anuncio o cronograma das fases a realizar no procedemento.

As fases do procedemento son as expostas a continuación:

SELECCIÓN DE PEÓNS FORESTAIS:

A. VALORACIÓN DE MÉRITOS

Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:

a) Por ter asistido a Cursos en materias relacionadas coas funcións propias da praza. A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos. Valoraránse os cursos impartidos por cualquier organismo competente relacionados coa praza á que aspira:

-Por ser dunha duración igual a 5 horas e inferior a 10 horas: 0,05 puntos.

-Por cada 10 horas lectivas, 0,10 puntos.

Non se valorará a formación inferior a 5 horas lectivas. Se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais e/ou entidades privadas debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso, non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias ou outras institucións privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

Neste apartado se inclúen como puntuables cursos de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios, así como a autorización para manexar produtos fitosanitarios. Non se valorarán os cursos que se consideren repetidos por teren un contido substancialmente igual, valorándose nestes últimos casos só o de máis duración ou nivel. Non se valorará a formación academia regrada, atendendo como tal titulacións, como, por exemplo, título de EXB, ESO, etc. Non se valorarán cursos de idiomas nin acreditacións de niveis de Celga.

Este apartado xustificárase con documentación válida que confirme esta condición.

B. PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Esta proba é de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba escrita na que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes.. A valoración do exercicio será de apto ou non apto, sendo preciso para superar esta proba ser delcarado APTO.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal a posesión do CELGA axeitado, ou de nivel superior, en función da titulación requirida para o acceso ás probas, que, segundo o disposto na RDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais





acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, que, para esta ocupacion equivale a un Celga 2.

O documento acreditativo do Celga se entregará conxuntamente coa documentación para participar no procedemento.

C.EXAME

FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición consistirá na realización de 1 proba de aptitude eliminatória e obrigatoria para os aspirantes. Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

Finalizada a oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos e servizos dos aspirantes que sexan considerados como aptos na citada fase de oposición.

A proba práctica terá unha valoración máxima de 8 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos.

A orde de actuación dos aspirantes será o seguinte: según orden de presentación de solicitudes.

O exercicio da oposición será o seguinte:

Proba práctica de:

- Encendido e repostaxe de máquina desbrozadora, motoserra e sopladora.
- Cambio de fío de máquina desbrozadora.
- Proba práctica de desbroce.

Rematada a fase de valoración de méritos e oposición, e realizada a proba de coñecementos de lingua Galega, o Tribunal calculará a cualificación final, entre os/as participantes que superaran a mesma, emitíndose un anuncio coa listaxe provisional por orde de puntuación de maior a menor e publicándose no taboleiro de anuncios e na páxina





Web do Concello, na sede electrónica. Se establecerá un período de dous días hábiles contado a partir do día seguinte ao da publicación das mesmas para a realización das alegacións ou revisións que se estimen oportunas por parte dos/das aspirantes.

Unha vez finalizado período de alegacións e/ou revisión das cualificacións, e habéndose resolto estas polo Tribunal no caso de as houber, o Tribunal dará o procedemento de selección por finalizado, establecendo unha listaxe dos/das aspirantes por orde de puntuación de maior a menor e publicándose no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello e na sede electrónica. No caso de non haber alegacións que resolver, a listaxe e puntuacións de carácter provisional pasa a adquirir o carácter de definitivo.

SÉTIMA – DESIGNACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS.

O Tribunal, á vista dos resultados obtidos, propondrá ó órgano competente a contratación do/da aspirante que obtivese a maior puntuación, sobre a listaxe creada a tal efecto sen que, en ningún caso, poida superar o número de propostos/as o da praza convocada.

Para a realización dos chamamentos sobre a listaxe de aspirantes en base ás puntuacións finais, a persoa encargada de tal acto emitirá o informe ou dilixencia para dar constancia do mesmo, e incluíndoo no expediente.

En caso de que un/ha candidato/a, unha vez realizado o chamamento para ocupar o posto, non acceda a ocupar o mesmo, se procederá ao chamamento do/da seguinte candidato por rigurosa orde de puntuación, e así sucesivamente, ata ocupar a praza obxecto do mesmo..

O acordo que adopte o órgano competente será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

OITAVA – FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Xustificada a documentación sinalada no punto anterior, o acordo definitivo de contratación que adopte o Alcalde será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación. O contrato será formalizado de acordo coa normativa laboral de aplicación, tendo en conta as especificacións da normativa vixente.

NOVENA. – INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e ós/as aspirantes que participen no proceso. O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

DÉCIMA. – NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de Outubro de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Administración Municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das





Concello de
A MEZQUITA

Avda. da Constitución, 7 - 32549 - **A MEZQUITA** (OURENSE)

Tel. 988425541 - Fax. 988425630



www.amezquita.gal



concello@amezquita.gal

Resolucións dos Tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 39/2015 do día 1 de outubro.

Documento asinado electrónicamente, polo Alcalde, Don Rafael Pérez Vázquez.

